

A rapaza do circo

El coñeceuna de casualidade. Unha tarde, a iso das seis, estaba sentado nun banco do xardín e advertiu que se lle achegaba unha rapaciña loura, de melenas longas, vestida cun pantalón short. Con acento francés preguntoulle onde podería atopar un médico. Acompañouna. Polo camiño ela díxolle que era trapeicista do circo. El a penas falou. Ao chegar á clínica indicoulle: «Aquí». Ela deulle as grazas e invitouno a pasar pola taquilla, onde lle facilitaría un par de entradas para función das oito.

Foi. (...) Volvéronse atopar ao día seguinte. Despois víronse todos os días. Pasaban as tardes no río. Deitábanse na area. Enterrábanse. Nadaban. Ela faláballe de Marsella, da súa infancia. El pechaba os ollos e imaxinaba aquela rúa fronte ao porto, os barcos que Anne despedía cun pano branco dende a bufarda, a tía Françoise, Jules...

Como sería aquel Jules que lle dera o primeiro bico no portal?

-Era louro, coma min. E moi pencoso.

-Lémbraste del?

El tiña un sombreiro de palla sobre dos ollos para tornar o sol. Volveulle preguntar:

-Lémbraste del?

Sentiu os labios dela que se pousaban nos seus. Foi coma un trallazo. Unha ledicia branca naciálle dentro do corazón.

Despois bicáronse. Bicáronse moitas veces. E ela apoiou a súa cabeza no peito del.

Pronto correu a noticia de que se vían no río. Na casa rifáronlle. «O que me faltaba -dixera seu pai- un fillo titiriteiro».

Pero seguíanse vendo ás escondidas.

Hoxe os compañeiros de quinto desafiárono.

-A que non es home de subila para aquí...

Non o dubidou. Asomouse á ventá e chamouna:

-Anne...!

Subiu. Recibiuna no hall e metéronse no laboratorio. Pecharon a porta por dentro e taponaron o buraco da pechadura cun cacho de papel. Os de quinto armaban barullo fóra. El ensinoulle as bolboretas, as pedras... Peditulle un alfinete e picouse nun dedo. Amosoulle o sangue a través do microscopio.

-Sabes unha cousa? -dixo ela.

-Que?

-Que nos imos mañá.

Colleuna pola cintura e bicouna. E naquel intre chegou o director.

Cando saía será xa de noite e terase que ir para casa sen vela, sen lle explicar, sen lle dicir o que ocorreu. E despois de cear dirá: «Quero ir ao circo». E o seu pai responderá: «Non». Entón irase á cama. E pensará: «Os vellos non saben». E os vellos (non tan vellos), na súa habitación nin sequera se lembrarán del e da francesiña Anne. E el ha tardar en durmir, pero durmirá. Durmirá?

Mañá ao se erguer, sentirase triste. Máis triste que ninguén. E que será de Anne? Non a volverá ver. Nunca máis? Nunca. Ergueuse moi cedo. Marchou correndo ao campo da feira. No sitio do circo só quedaba un redondel.

Carlos Casares (1967), Vento ferido (adaptación)

CPI Aurelio Marcelino Rey García

cpi.aurelio.marcelino@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/cpiaureliomarcelino/>

facebookK: www.facebook.com/CPI-Aurelio-Marcelino-Rey-Garcia-709437835807287/

Telf: 886 151 222 Fax: 886 151 226

Orxento (portada e contraportada): Hortencia Fernández

